

## *Ilustrando a* CASELA

# O retrato

Por amaina-la miña conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes non sabían que eu era dono de tan tremenda licenza oficial; mais unha noite foron requiridos os meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Deume as "boas noites" e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíanlle verbas tan estruchadas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O probe pai turraba por min, e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. Despois de todo ¡eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes anxeios de complacelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran ciencia...

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans e, con finxido acoitamento, confeseille que sabía pouco da carreira...

–Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

–O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. ¡E váiseme, señor; váiseme e non teño ningún retrato seu!

¡Ai!, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor que un deseño, asegureille que de noite se poden facer fotografías, e botando man de moitos razoamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo.

A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola. Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

–¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxomo tremendo de anguria. A face albeira e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar. Endexamais fitei a un home tan desfeito pola dor. Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que me rachaban as entrañas:



–Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor!

¡Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lapis, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir ren senteime a debuxar o que ollaban os meus ollos de terra e soamente ó cabo dalgún tempo conseguín afacerme ó drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervorado, como un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto, a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríume con estas verbas:

–Pola ialma dos seus defuntos, non mo retrate así. ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ó volver á realidade non souben que facer, e púxenme a repasa-las liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

–Vostede ben sabe cómo era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retablo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñe-lo pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo:

–Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato que non mente.

A. R. CASTELAO, *Retrincos*